



**DISCURSO DO PRESIDENTE DO  
CONSELLO DO ESTUDANTADO –**

**Emilio Vázquez Lage**

**APERTURA DO CURSO 2023-2024**

**Pazo de Fonseca – 15.09.2023 – 12.00 h**

---

---

Sr. Reitor Magnífico,

Sres. e Sras. Vicerreitoras,

Presidencias dos Consellos Sociais da UVigo e da USC,

Sr. Xerente,

Autoridades,

Estimados membros do Persoal Técnico de Xestión, Administración e Servizos, do Persoal Investigador e do Claustro de Profesorado da Universidade, compañeiros, estimada comunidade:

**Introdución**

Sinto hoxe unha imensa honra por ter a oportunidade de dirixirme, como estudante, a todes vostedes despois que fose Francisco Fernández del Riego quen o fixera en tal calidade por última vez o 1º de outubro de 1933 no Paraninfo da Universidade. Esta honra éncheme de gratitude cara ao Sr. Reitor, quen me convidou a pronunciar estas palabras, e cara a todes es colegas de carreira, vida e militancia que me acompañaron e acompañan nesta viaxe que estou a piques de rematar. Tamén de gratitude, moi especialmente, cara a todas aquelas persoas que deben ficar na nosa memoria colectiva, entre elas o propio Paco del Riego; persoas que ao longo destes 90 anos, en condicións as máis das veces adversas e deixando mesmo a vida no empeño, loitaron para que hoxe poidamos falar no noso idioma, nun acto solemne dunha universidade pública galega.



## **Mudanzas sociais, dereitos e benestar**

Escuso dicir que nos últimos 90 anos a sociedade galega, e con ela a nosa universidade, atravesou múltiples mudanzas, e máis aínda escuso falar especificamente de cada unha delas neste intre. Abonde lembrar, porén (se algo é digno sempre de lembrar), a defensa dos dereitos humanos que onte e aínda hoxe moitas persoas ven diariamente vulnerados, non só lonxe senón tamén moi perto; e lembremos tamén que cada dereito conquistado é unha flor da loita á que dedicar atención e coidado para manter viva.

Ollar cara a atrás impídenos por veces ignorar determinadas semellanzas entre algún punto do pasado e o momento presente. Acontece por exemplo coas circunstancias epidemiolóxicas, como a pandemia de gripe do ano 1918 e seguintes, contemporáneas á infancia de Paco del Riego, e a pandemia de COVID que nos asolagou un século despois e aínda se resiste a abandonarnos. Tamén das pandemias que nos asexan hoxe de maneira cada vez menos silenciosa e que pola miña formación non me resisto a mencionar: as resistencias a antibióticos e o deterioro da nosa saúde mental.

Esta última cuestión vén recibindo maior atención nestes anos, comezando moi timidamente a saldar unha débeda histórica de coidados mutuos e atención sanitaria que aínda ten moito camiño por percorrer. Mais o confinamento e outras medidas tomadas por mor do COVID leváronnos a reparar inevitabelmente en que o benestar persoal, e por tanto o da comunidade universitaria e do estudantado como parte maioritaria dela, pasa por unhas boas condicións materiais de vida, isto é, por un adecuado acceso aos recursos que satisfacen as nosas necesidades básicas, acompañado dun ambiente social de respecto e libre de medo e violencia, entre outras cuestións. Desde unha perspectiva cuantitativa, alarman os resultados de

inquéritos como o da alianza europea EUniWell, da que a USC fai parte, ou o estudo “la salud mental en el estudiantado de las universidades españolas” do Ministerio de Universidades, que mostra que no segundo



semestre do pasado curso 2022-23 máis do 50% do estudiantado percibeu precisar axuda por problemas recentes de saúde mental, e que a prevalencia de ansiedade moderada e grave é de 1 de cada 2 estudantes.

Asumirmos, no individual e no colectivo, a importancia e a extensión destas situacións levaranos non só cara a unha universidade que cumpra máis e mellor o seu deber co benestar de quen a forma, senón tamén é posíbel que axude a entender o estudiantado non como “os alumnos” en tanto que elementos sen maior axencia alén das obrigas académicas, senón como as persoas multidimensionais, diversas en ideas, pensamento e circunstancia que realmente somos. Se cadra, a través deste exercicio de recoñecemento mutuo e empatía poderemos ser quen de superar a obsoleta –e, se me permiten, problemática– clasificación do estudiantado entre “bos” e “malos” estudantes.

### **Mudanza do paradigma estudantil**

Mais tamén o estudiantado mudou desde aquel discurso do compañeiro Del Riego no ano 33. As políticas de acceso á universidade e o desenvolvemento da internacionalización, e con elas o perfil de estudante promedio en termos de orixe social, poder adquisitivo e trasfondo cultural foi variando ao longo das décadas. A progresiva democratización do acceso ao ensino superior co avanza do século XX aumentou a demanda de matrícula en titulacións universitarias. Porén, como comentaba antes, cada mellora debe ser coidada e mantida, e a flor do acceso á universidade para o estudiantado de toda orixe socioeconómica leva anos murchando. Exemplos disto poderían ser a caída na matriculación desde comezos do s. XXI na universidades galegas, ou algunhas mudanzas que trouxo o Plan Bolonia, que neste foro non preciso explicar con detalle. Mencionarei no entanto, obrigatoriamente, a falta de dotación orzamentaria necesaria para implementar o que prometía ser unha mudanza de paradigma no ensino superior, e que obrigou a unha reestruturación que acabou por dar de si un impulso cara a unha reelitización da universidade. Comentaba o Sr. Reitor hai un ano na apertura do curso anterior a importancia da universidade como ascensor social; mais infelizmente, para moitas persoas segue



habendo só escaleiras.

Por unha banda, a perda xeralizada de poder adquisitivo nestas últimas dúas décadas fixo que o número de persoas que poden acceder, e unha vez accedido, pagar as taxas de matrícula e a vida noutra cidade é ben menor.

Por outra banda, o recente informe do Observatorio de Emancipación do Consejo de la Juventud de España sobre o primeiro semestre do ano 2022 achega uns datos que confirman a verdadeira natureza deste cambio de paradigma: unha de cada tres persoas entre 18 e 26 anos (faixa etaria que aglutina a maioría do estudiantado universitario) traballa e estuda ao mesmo tempo. Este dato, no medio de moitos outros, convídanos a pór en cuestión o compromiso das administracións competentes co carácter público da universidade, máis aínda tendo en consideración o exíguo financiamento que se lles dedica.

### **Organización do estudiantado**

Neste contexto, o estudiantado lévase organizando décadas para facermos valer os nosos dereitos e loitar por unha universidade pública de calidade, máis democrática, máis transparente e máis consciente da nosa realidade. O traballo destas organizacións, desde comezos do século pasado até o día de hoxe, foi chave para mellorar as condicións nas que milleiros de persoas estudan na universidade, desde as cuestións máis básicas de convivencia, igualdade e servizos até as protestas e negociacións de regulamentos e normativas que afectan todo o estudiantado.

Hai hoxe pouco máis dun ano tivo o seu primeiro pleno o Consello do Estudiantado, un órgano de representación recollido no Estatuto do Estudiantado da Universidade e agora tamén na nova Lei Orgánica do Sistema Universitario. Ao meu entender, o Consello do Estudiantado está chamado a ser unha ferramenta de interlocución e posta en común da realidade do estudiantado da universidade, exercendo un rol de apoio ao estudiantado, complementar e auxiliar ao traballo do tecido asociativo universitario. É precisamente tamén o noso labor dar pulo ao asociacionismo, que é parte fundamental non só da historia da nosa



Universidade senón da vida fóra das aulas, sendo tamén onde cristaliza a autoorganización do estudantado, que segue a ser posibelmente unha das formas máis puras de expresión da vontade de acción colectiva. No que na miña man está, fixen neste tempo e farei nos meses que me restan todo o que poida dentro da miña circunstancia para facermos servizo ao resto de compañeiros, facer valer os nosos dereitos e contribuír a termos, hoxe e para o futuro, unha universidade pública e de calidade, cada vez máis xusta, máis accesíbel e ao servizo da cidadanía galega.

Vou rematar estas palabras, se me permiten, citando a Begoña Caamaño, quen quero hoxe lembrar cunha frase da súa novela “Morgana en Esmelle” na que nos convida a loitar desde o optimismo nas súas palabras: “É o tempo do feminismo: da xustiza, da igualdade, da liberdade, da dignidade e, por que non? da felicidade”.

Obrigada.